



DIA MUNDIAL DA SIDA 2019

O domingo, 1 de decembro, celébrase o Día Mundial da Sida. Con tal motivo, indicar que en Galicia, segundo os datos do Informe VIH-Sida e outras ITS en Galicia 2019 [ligazón], a incidencia da infección polo virus da inmunodeficiencia humana (VIH), que foi moi estable na primeira década deste século, presenta unha pequena tendencia ao descenso nos últimos anos, estando sempre por debaixo da media española. Non obstante, cada vez temos unha maior prevalencia de infección polo VIH debido ao aumento da expectativa de vida das persoas afectadas.

As consideracións máis importantes a ter en conta son que a práctica de risco máis asociada coa transmisión da infección polo VIH en Galicia son as relacións sexuais non seguras (79 % dos casos), sobre todo entre homes que teñen sexo con outros homes (HSH), e que case a metade (48 %) das persoas afectadas presentan diagnóstico tardío (DT: paciente con cifras de CD4 inferior a 350 células/ μ l na primeira determinación da súa infección) [ligazón]. Esta proporción aumenta coa idade, tanto en homes coma en mulleres.

Isto indícanos que, a pesares dos grandes avances na abordaxe da infección polo VIH-Sida, temos unha proporción

moi importante de persoas infectadas que non se benefician das vantaxes do diagnóstico precoz en termos de ganancia en cantidade e calidade de vida, ademais da prevención da transmisión a outras persoas. A maiores, este atraso diagnóstico ten un impacto na difusión da infección, pois o tratamento diminúe en gran medida a capacidade transmisora do virus.

Así pois, a promoción do diagnóstico precoz entre as persoas con prácticas de risco debe ser unha actividade prioritaria para a prevención e control da infección polo VIH na nosa comunidade, e neste sentido o persoal sanitario da atención primaria de saúde é fundamental para acadar ese diagnóstico precoz.

Lembrámosvos que se algún médico/a de atención primaria diagnostica un caso de infección polo VIH ten que declaralo ao Sistema de Información dos Diagnósticos de Infección polo Virus da Inmunodeficiencia Humana de Galicia (SIDIVIHG), poñéndose en contacto cos profesionais da Dirección Xeral de Saúde Pública no correo electrónico plan.vih.its@sergas.es ou a través do seguinte número de teléfono 881 54 29 13.

<http://dxsp.sergas.es>

VACINACIÓN DE PREMATUROS FRONTE AO ROTAVIRUS

O día 18/11/2019 publicouse unha nota informativa sobre a vacinación fronte ao rotavirus, que pasa a estar financiada nos lactantes prematuros nados entre a semana 27 e a 32 de xestación, que estean clinicamente estables e non teñan contraindicacións [ligazón].

Un prematuro considérase clinicamente estable cando se encontra en fase de crecemento sostido, sen necesidade de ventilación mecánica, sen terapia esteroidea ou infeccións graves, sen alteracións metabólicas, cardiovasculares ou respiratorias significativas.

A vacinación está contraindicada se existe: hipersensibilidade ao principio activo, a algún dos seus excipientes ou a unha dose previa; historia de invaxinación intestinal ou padecemento dalgunha malformación conxénita non corrixida do tracto gastrointestinal que poida predispoñer a unha invaxinación intestinal e nos suxeitos con inmunodeficiencia grave.

Tampouco se recomenda, con carácter xeral, a vacinación de

prematuros cuxas nais recibiron tratamentos inmunosupresores durante o embarazo.

A vacina debe pospoñerse en nenos que padezan diarrea ou vómitos. Ademais, ao tratarse dunha vacina viva atenuada, o virus vacinal pode excretarse polas feces, co que se recomenda unha hixiene de mans escrupulosa no cambio de cueiro (sobre todo nas dúas primeiras semanas), a limpeza da superficie onde se cambia o cueiro e, de ser posible, que non cambie o cueiro unha persoa que estea inmunodeprimida.

A vacina proporcionada polo programa, Rotarix® ten unha pauta de 2 doses separadas polo menos 4 semanas. A primeira dose debe administrarse entre as semanas 6 e 12 de vida, aínda que pode demorarse ata a semana 20, e debe estar completa na semana 24.

A nota informativa que recolle esta información está dispoñible na web da Dirección xeral de saúde pública e pode accederse a ela a través da seguinte [ligazón](#).

COMEZA EN GALICIA A ONDA ANUAL DO VIRUS RESPIRATORIO SINCITAL

Fai dúas semanas superouse en Galicia o limiar que indica o inicio da onda epidémica anual do Virus Sincital Respiratorio (VSR); é dicir, que a porcentaxe de mostras positivas para o VSR acadou o 10% das mostras nas que se estudou [APÉNDICE].

Na seguinte [ligazón](#), que pendura da páxina web da Dirección Xeral de Saúde Pública, pódese consultar a evolución da onda epidémica, con datos que se actualizarán semanalmente cada mércores.

COMEZA EN GALICIA A ONDA ANUAL DO VIRUS RESPIRATORIO SINCITAL

Datos relativos a porcentaxe de positividade de VRS entre as mostras respiratorias estudadas nos hospitais do CHUAC, CHOP, CHUO e CHUVI (% de VRS positivos), e de casos de gripe rexistrados dende atención primaria (R80_Atenc Prim), por semana epidemiolóxica, dende a tempada 2011-12.

